

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA Nº 2 AO CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DA CORUÑA E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ADMINISTRADOR DE INFRAESTRUCTURAS FERROVIARIAS (ADIF), PARA A EXECUCIÓN DA TERMINAL DE AUTOBUSES, O APARCAMENTO DE TURISMOS E OS ELEMENTOS COMÚNS DA REMODELACIÓN DA ESTACIÓN FERROVIARIA NA SÚA INTEGRACIÓN NUNHA ÁREA DE INTERMODALIDADE DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS NA CORUÑA-SAN CRISTÓBAL. PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA-FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU

A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía para Galicia, ostenta competencias en materia de transportes terrestres cando estes discorren integramente por territorio da Comunidade Autónoma, e de execución da lexislación estatal en materia de transportes de mercadorías e viaxeiros teñan a súa orixe e destino dentro do seu territorio.

De conformidade co disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e co Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, esta consellería configúrase como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións entre outras, en mobilidade; sendo a Dirección Xeral de Mobilidade a que asume as funcións de impulso, xestión e coordinación das políticas atribuídas a dita Consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte, e, en particular, o estudo, a análise e a implantación de plans e proxectos de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable.

ANTECEDENTES

O 22 de marzo de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), polo que se establecen as condicións para a execución e cofinanciamento da terminal de autobuses, o aparcadoiro de turismos e os elementos comúns da remodelación da estación ferroviaria na súa integración nunha área de intermodalidad de transporte de viaxeiros na Coruña - San Cristóbal, incluído no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.



Este convenio tiña por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e ADIF, para levar a cabo as seguintes actuacións:

- Construción do proxecto denominado “Elementos comúns da remodelación da Estación da Coruña-San Cristóbal e a Terminal de Autobuses”
- Construción e explotación da obra da Terminal de Autobuses Integrada na Área Intermodal da Coruña-San Cristóbal

Ao amparo do Convenio, a Xunta de Galicia licitou, en abril de 2022, o contrato de obra e os contratos de servizo de control e vixilancia das obras e de coordinación de seguridade e saúde para a construción da terminal de autobuses e dos elementos comúns coa remodelación da estación ferroviaria integrados na área intermodal da Coruña-San Cristóbal”.

O 5 de marzo de 2024, subscribiuse unha Addenda nº1 ao Convenio, para plasmar o acordo que posibilita o aumento no número de prazas do aparcamento de turismos, que xeraba un aumento de coste sobre o orzamento estimado no convenio, condicionando, á súa vez, o reparto de financiación das porcentaxes establecidas nas actuacións obxecto do convenio.

O 11 de agosto de 2025 aprobouse tecnicamente o proxecto modificado das obras. O contrato modificado formalizouse o 18 de setembro de 2025.

FINALIDADE

Co obxecto de definir con maior precisión o alcance económico da achega de cada parte intervinente no Convenio, de cara ao pago da liquidación das obras; requiriuse, en cumprimento do apartado e) da cláusula SEXTA do convenio, a tramitación dunha addenda modificativa nº2 na que se regulara expresamente o novo réxime de achegas económicas e a regularización respecto ao reparto anterior das achegas por certificacións emitidas de obra e asistencias técnicas.

A Addenda nº 2 responde a plasmar o incremento económico que debe achegar principalmente ADIF para asumir o pago da liquidación da obra de elementos comúns na proporción definida na Addenda nº 1.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA E IMPORTE

A Addenda nº 2 non supón incremento económico na achega máxima total da Xunta de Galicia reflectida na Addenda nº 1.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

